

DREAM SCENARIO

Kristoffer Borgli, 2023

1249

ESTREA EN NUMAX: 01.03.2024 | V.O.S.E. | +12 | 100 min

O desventurado pai de familia Paul Matthews verá como a súa vida simple e aburrida como profesor dá un xiro repentino cando millóns de estraños empezan a velo nos seus soños. Pero as súas aparicións nocturnas tomarán un cariz de pesadelo, polo que Paul verase obrigado a lidar a súa inesperada fama.

«Un dos mellores papeis da carreira de Cage, que combina o cómico e o terrorífico, ás veces no mesmo intre»

Peter Howell, TORONTO STAR



Entrevista con Nicolas Cage: «Elixín non estancarme no estilo naturalista de interpretación»

Por Charles Pulliam-Moore

Pode que sexa de mala educación a pregunta, pero que estivesches a soñar ultimamente? Ultimamente non soñei moito. Pero as últimas veces estaban a ser moi violentos así que case agradezo non soñar.

En *Dream Scenario* hai un enfoque fascinante sobre a suxestión das persoas que se deixan levar por fenómenos colectivos en lugar de reflexionar sobre as causas reais dos soños. Como enfocaches o teu personaxe? Coa miña actuación quería que a xente sentise que compartía un segredo comigo, algo persoal. A miña propia experiencia persoal foi canalizada a través do personaxe de Paul Matthews. A súa aparencia é moi diferente á miña, a súa voz e a forma de moverse é diferente á que teño eu. Pero aínda así tentei crear unha conexión persoal con este personaxe a partir das miñas propias frustracións, estímulos e confusións que sentín como actor de cinema ao empezar a ser carne de meme.

Hai unha caste de autoconsciencia na marca "Nic Cage" en *Dream Scenario* e algunhas outras películas recentes que parecen entrar en conversa directa coa "memeificación" da que falas. Foi para ti catártico habitar personaxes como Paul? Se non fora polos memes se cadra a xente tería deixado de pensar en min. Pero está claro que algo tocou algunha fibra en min que emprego como fonte de enerxía para traballar. *Dream Scenario*, especificamente, foi catártica porque puiden canalizar a través de Paul Matthews o que significa que unha persoa se convirte en meme. Se non tivera pasado por esa experiencia tería sido para min moi difícil afrontar o personaxe.

Ultimamente tes sido moi claro á hora de falar sobre a túa relación coa fama e a dificultade de coexistir co Nicolas Cage que vive na mente da xente. Preocúpache que esa gravidade sexa algo contraproducente? Non o penso neses termos senón como parte da vida. Non vexo nada disto como un lamento, pero o caso é que sucede, adapteime e mesmo fixen que fose o meu amigo. Por outra banda, o meme fixo que eu seguise nas conversas da xente seguindo o espírito dos tempos, por así dicilo. Fixo posible filmes como *O insorportable peso dun talento descomunal* (Tom Gormican, 2022) ou *Pig* (Michael Sarnoski, 2021).

Por que cres que a xente continúa a sentirse atraída polas túas interpretacións? Se tivera que pensar un motivo diría que o público percibe que elixín explorar os límites da interpretación cinematográfica e ver até onde pode chegar como arte. Elixín non estancarme no estilo naturalista dos anos setenta que se converteu no estándar dunha actuación correcta e que levou á xente a decidir o que distingue unha actuación boa dunha mala. Eu penso que hai que ir máis aló, pódense recuperar técnicas do cinema mudo, os acenos e as expresións faciais, e traelos ao cinema moderno. Ou mesmo clásicos da Idade de Ouro de Hollywood como James Cagney cando di "Logreino mamá, estou na cima do mundo!" que eu canalicei no personaxe de Castor Troy en *Face/Off* (John Woo, 1997). Todos queremos comportarnos ben e ser membros modélicos da sociedade pero tamén temos ese desexo de berrar. Creo que a xente goza indirectamente desas escenas de crise. A miña intención é explorar un estilo de interpretación diferente pero que non sexa amateur, senón algo moi pensado, coreografiado e planificado.